

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O PROCEDIMENTO DE CESIÓN DE USO DE LOCAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITUADOS NO PAVILLÓN MUNICIPAL DA PINGUELA

O elemento asociativo está configurado actualmente como clave no proceso de construción dunha sociedade máis participativa e máis democrática e como factor esencial para o progreso social.

En particular, e no sector deportivo, o tecido asociativo desempeña unha labor fundamental na promoción do deporte entre persoas de tódalas idades.

Debido a que no Concello de Monforte hai un elevado número de entidades que ofrecen servizos deportivos á cidadanía, o cal xera unhas necesidades de xestión administrativa importantes, o Concello de Monforte quere colaborar cos Clubs e Entidades Deportivas poñendo á súa disposición, e de balde, unha serie de locais situados no pavillón polideportivo municipal da Pinguela.

Corresponde ao Concello de Monforte, a través da Concellería de Deportes, promover a práctica deportiva, como así establece entre as súas competencias propias a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2

A mesma competencia estalle recoñecida aos municipios pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Á súa vez, a Lei 3/2012, do 21 de abril, do Deporte de Galicia establece no seu artigo 8 entre as competencias dos municipios:

- Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente en idade escolar.
- Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión lle sexan concedidas.
- Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas, e coidar a súa debida hixiene e seguridade.

Existe unha importante demanda de uso dos locais situados no pavillón polideportivo da Pinguela o que fai necesario aprobar un procedemento para regular de xeito ordenado a concesión de uso dos mesmos.

PRIMEIRA .- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a selección de entidades ou asociacións sen ánimo de lucro para a cesión de uso dos locais de propiedade municipal situados no Pavillón Municipal da Pinguela.

SEGUNDA.- SUXEITOS

Poderán solicitar mediante este procedemento o uso dos locais situados no Pavillón Polideportivo da Pinguela, os Clubs ou Entidades Deportivas legalmente establecidas e

inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Deportivas do Concello de Monforte, que non teñan ánimo de lucro, e que leven a cabo a súa actividade deportiva nalgún dos “**Pavillóns Polideportivos**” que o Concello de Monforte oferta para o seu uso durante o ano (Pavillón Polideportivo da Pinguela, Pavillón dos Institutos Río Cabe e Daviña Rei, Pavillón do IES Pinguela e Pavillón do CEIP A Gándara), ou ben na Piscina Municipal. Considerase que a asociación non ten ánimo de lucro cando así figura nos seus estatutos e non desenvolve ningunha actividade económica ou de desenvolvela, o froito desa actividade destínase única e exclusivamente ao cumprimento das finalidades de interese xeral establecidas nos seus estatutos, sen reparto de beneficios, directos ou indirectos, entre os seus asociados ou terceiros.

As entidades que participen na convocatoria non poderán estar incursas en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberán estar ao corrente de pago das obrigas coa Facenda Galega, Facenda Estatal, Seguridade Social e coa Administración Local.

Non poderán solicitar o uso dun local aquelas entidades que xa dispoñan dun local municipal noutra instalación deportiva, ou non deportiva, para os mesmos cometidos.

TERCEIRA.- CARACTERÍSTICAS DOS LOCAIS OBXECTO DE REPARTO

Son un total de dez os locais para o seu reparto. As características das oficinas son as seguintes:

- Oficina nº 1: 29,69 m²
- Oficina nº 2: 19,21 m²
- Oficina nº 3: 20,15 m²
- Oficina nº 4: 17,28 m²
- Oficina nº 5: 22,52 m²
- Oficina nº 6: 25,28 m²
- Oficina nº 7: 18,98 m²
- Oficina nº 8: 25,37 m²
- Oficina nº 9: 18,95 m²
- Oficina nº 10: 16,96 m²

As oficinas entregaranse baleiras, é dicir, sen mobiliario. Todas elas dispoñerán dun punto de conexión a internet.

CUARTA.- HORARIO DE USO DOS LOCAIS

Todos aqueles clubs aos que lles sexa concedido o uso dun local poderán facer uso deste de luns a domingo entre as 8:00 e as 00:00 h.

Os clubs autorizados poderán acceder á súa oficina, dentro do horario autorizado para o seu uso, aínda que a instalación estea pechada ao público. Neste caso só poderán facer uso da súa oficina, sen poder acceder a ningunha outra dependencia da instalación.

O Concello de Monforte instalará un sistema de control de accesos na porta principal do pavillón para ter un control sobre o acceso dos diferentes usuarios da instalación que teñan autorización.

QUINTA.- USOS AUTORIZADOS DOS LOCAIS

O obxectivo da cesión de uso dos locais é a de dar apoio ás necesidades administrativas que teñen os Clubs e Entidades Deportivas.

Deste xeito o uso autorizado dos locais será o de oficina do club así como de zona de almacenamento de material relacionado coa actividade deste, ou actividades de análogas características.

SEXTA.- PRAZOS DE CESIÓN DOS LOCAIS

O uso dos locais cederase polo prazo dun ano prorrogable de xeito automático anualmente ata un máximo de 4 anos.

Unha vez transcorrido o tempo de cesión o Concello de Monforte poñerá en marcha un novo procedemento para a cesión de uso dos locais.

O Concello de Monforte reservase a facultade de recuperar o uso dos locais, en calquera momento, antes de que transcorra o prazo estipulado, por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización.

SÉTIMA.- MANTEMENTO DO LOCAL

A cesión de uso é gratuíta, de xeito que as entidades cesionarias non pagará ningún canon polo uso dos locais. No obstante, as entidades están obrigadas á conservación dilixente dos locais, respondendo dos danos que poidan ocasionar as persoas que compoñen a entidade, e as usuarias, por acción ou omisión, debendo efectuar de xeito inmediato e a ao seu cargo, previa autorización do Concello de Monforte, as reparacións necesarias.

As entidades cesionarias faranse cargo da limpeza e mantemento dos locais cedidos.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO

A presentación de solicitudes realizarase no prazo de DEZ (10) DÍAS hábiles contados dende o día seguinte á publicación da convocatoria na páxina web do Concello de Monforte www.monfortedelemos.es

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Monforte ou, se é o caso, nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de novembro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A documentación a aportar será a seguinte:

Documentación xeral:

1. Modelo de solicitude segundo modelo anexo I
2. Declaración responsable de non estar incursos en ningunha das causas de prohibición de contratar establecidas polo artigo 71 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo modelo anexo II
3. Certificados de estar ao corrente das obrigas coa Facenda Galega, Facenda Estatal e Seguridade Social.

4. Fotocopia do DNI do representante legal da entidade
5. Certificado de que o club ou entidade non dispón doutro local noutra instalación municipal, segundo modelo anexo III
6. Programa de actividades previsto para o ano en curso.
7. Certificado do Secretario da entidade no que conste a seguinte información, segundo modelo anexo IV
 - Nº de socios e socias que ten o club ou entidade deportiva na actualidade.
 - Nº total de licencias dadas de alta polo Club na Federación correspondente, na tempada en curso.
 - Nº de licencias federativas de categorías inferiores, entendendo como tal as categorías de idade propias da modalidade deportiva ata categoría xuvenil incluída, dadas de alta polo clubs na federación correspondente, na tempada en curso.
 - Relación de actividades non federadas organizadas pola entidade detallando o número de persoas beneficiarias e a súa duración, na tempada en curso.

NOVENA.- CRITERIOS A TER EN CONTA NO REPARTO DOS LOCAIS

Cada solicitante poderá presentar solicitude de uso dunha única oficina.

A adxudicación de oficinas destinadas a Clubs Deportivos do Concello de Monforte inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións Deportivas, atenderá aos seguintes criterios:

- Nº de socios e socias que ten o club ou entidade deportiva: ata 10 puntos
- Nº total de licencias dadas de alta polo club na federación correspondente, na tempada en curso: ata 20 puntos
- Nº de licencias federativas de categorías inferiores, entendendo como tal as categorías de idade propias da modalidade deportiva ata categoría xuvenil incluída, dadas de alta polo clubs na federación correspondente, na tempada en curso: ata 20 puntos
- Organización de actividades deportivas non federadas dirixidas á cidadanía. Neste caso terase en conta o número de persoas que participan na actividade así como a duración da actividade: ata 20 puntos
- Programa de actividades previsto para o ano en curso: ata 30 puntos

DÉCIMA.- PROCEDEMENTO

O procedemento polo que se asignará a cesión da utilización dos locais municipais ás entidades solicitantes será de concorrencia competitiva, mediante o cal se pretende garantir o reparto mais equitativo posible entre os solicitantes.

A instrución do procedemento correspóndelle á Concellería de Deportes do Concello de Monforte que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de valoración.

Crearase unha comisión de valoración, formada polo Concelleiro de Deportes, o Técnico Municipal de Deportes así como por un un/unha funcionario/a do Concello de Monforte, que

será o órgano colexiado encargado de realizar a selección das solicitudes e de emitir o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada e das horas de uso de instalacións deportivas asignadas a cada solicitante.

A Comisión, logo de avaliadas as solicitudes, realizará un informe no que se concretará o resultado da valoración efectuada, e polo tanto o reparto de oficinas entre as entidades solicitantes.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, elevará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver.

A xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme ao previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RECURSOS

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a mesma cabe a interposición de recurso contencioso – administrativo no prazo de dous meses. Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, e nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse dende a notificación da resolución expresa do recurso, ou despois da súa desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto.

DÉCIMO SEGUNDA. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios de uso dalgún dos locais municipais situados no Pavillón Municipal da Pinguela están obrigados ao seguinte:

- a) Á conservación e limpeza dos locais nos termos que sinala o Concello de Monforte.
- b) Os locais cedidos o serán para uso exclusivo pola entidade beneficiaria para aquelas funcións ou actividades descritas na cláusula quinta. Para isto, o Concello de Monforte está habilitado para comprobar en calquera intre o cumprimento da aplicación ao fin para o que foron cedidos, e poderá adoptar para elo cantas medidas de control sexan necesarias.
- c) Utilizar os locais no horario establecido polo Concello de Monforte.
- d) No interior dos locais, e dentro do respecto á autonomía dos Clubs e Asociacións, non se poderán levar a cabo actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de calquera acto de carácter violento ou que vulnere a dignidade persoal ou discrimine ás persoas ou grupos baseados en raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outro condición ou circunstancia persoal ou sociais.
- e) Queda prohibido o uso dos locais cedidos para a realización de actividades económicas que non estean contempladas nos estatutos da asociación, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, dañinas ou perigosas.
- f) Non causar molestias aos demais usuarios de locais cedidos nin á veciñanza nin perturbar a tranquilidade da zona durante os horarios de utilización, adoptando as medidas oportunas establecidas na normativa vixente.

g) Custodiar as chaves das instalacións e velar por que esta quede pechada cando sexa a última entidade en utilizala.

h) Os beneficiarios do uso dos locais responsabilizaranse dos danos ocasionados a este ou ao edificio froito da actividade desenvolta.

i) Devolver o local ao Concello de Monforte cando corresponda a finalización do uso, nas mesmas condicións que se recibiu, salvando o uso normal e dilixente e o menoscabo por este producido.

DÉCIMO TERCEIRA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN DA CESIÓN

A cesión dalgún dos locais do Pavillón Municipal da Pinguela poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- a) Pola finalización do prazo de cesión.
- b) Pola extinción da personalidade xurídica da Asociación ou Entidade.
- c) A renuncia por parte do adxudicatario.
- d) Pola utilización do local para fins e usos non previstos.
- e) Pola non utilización do local por un período superior a dous meses consecutivos.
- f) De xeito unilateral, o Concello de Monforte, reservase a facultade de recuperar o uso dos locais, en calquera momento, antes de que transcorra o prazo estipulado, por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización.

DÉCIMO CUARTA.- RESPONSABILIDADE DE USO DA INSTALACIÓN

O Concello de Monforte non se fai responsable dos danos, perdas ou atentados contra a propiedade (incluídos os roubos) que se puidesen cometer contra bens ou efectos dos adxudicatarios.

O Concello de Monforte nunca será responsable das perdas que puidesen sobrevir dun mal estado de conservación, ou mala utilización de cada local.

DÉCIMO QUINTA.- RESIDUOS

Os adxudicatarios dalgún dos locais están obrigados a clasificar os seus residuos e a depositalos separadamente nos colectores destinados para iso.

DÉCIMO SEXTA.- DISTRIBUCIÓN DOS LOCAIS ENTRE OS ADXUDICATARIOS

Unha vez resolto o procedemento de adxudicación dos locais, a distribución destes farase atendendo á puntuación obtida no concurso. Deste xeito comezarán a elixir local os club e asociacións con maior puntuación ata completar a distribución.